



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

.....
Carmen Cajide Hervés, Laura Seara Sobrado, M^a del Carmen Acuña Docampo, M^a Soledad Soneira Tajés e Modesto Pose Mesura, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión.**
.....

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Unha das principais prioridades políticas do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia é facer un aproveitamento sostible dos nosos recursos naturais, e recuperar, na medida do posible, a lamentable herdanza recibida dos Gobernos do PP pola explotación desmedida dos nosos ríos galegos. Boa mostra desa prioridade é que coa entrada do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, aprobouse unha moratoria de tramitación dun bo número de saltos hidroeléctricos que unha vez máis ían estragar moitos quilómetros dos nosos ríos galegos.

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nunha das súas primeiras intervencións, dou conta á Cámara no Pleno do Parlamento de Galicia, da celeridade con que o anterior Goberno do PP, realizara moitos dos procesos para a execución de proxectos. Tanto é así, que procesos que habitualmente precisaban entre dous e tres anos, para unha tramitación seria e rigorosa, os últimos proxectos se tiñan realizado en menos de nove meses, e, en moitos casos, foron adxudicados co Goberno en funcións. O conselleiro, comunicou á Cámara a decisión do novo Goberno dun cambio radical na política ambiental dos ríos galegos, apostando polo seu saneamento e freando, na medida do posible, a sobreexplotación hidroeléctrica á que estaban sometidos polo anterior Goberno.

Dende este grupo parlamentario fixéronse, en diversas ocasións, iniciativas sobre a situación ambiental no Río Umia, así como sobre deficiencias nas obras de execución da Minicentral da Ermida, outorgada polo Goberno anterior a TASGA (Técnicos Asociados Gallegos S.L.) e que poden afectar gravemente a propiedades privadas, monte comunal, e ao medio ambiente en xeral, polo que as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas.



Grupo Parlamentario

1.^a) Conta a empresa concesionaria TASGA co expediente completo para a realización das obras da minicentral?

2.^a) Cal é o Plan de seguimento e control das obras por parte da Administración?

3.^a) Realizáronse os correspondentes informes de seguimento e control das obras, por parte da Administración?

4.^a) Cal é o resultado do seguimento e control das obras?

5.^a) Que medidas vai a adoptar a Consellería de Medio Ambiente par reparar os danos causados?

Pazo do Parlamento, 22 de agosto de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Laura Seara Sobrado
M^a del Carmen Acuña Docampo
M^a Soledad Soneira Tajés
Modesto Pose Mesura
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 30/08/2007 13:32:41

Laura Seara Sobrado na data 30/08/2007 13:32:51

María del Carmen Acuña do Campo na data 30/08/2007 13:33:01

María Soledad Soneira Tajés na data 30/08/2007 13:33:34

Modesto Pose Mesura na data 30/08/2007 13:33:44